

das mutuas e potenciar as súas actuacións de carácter privado, cuestionando así a profesionalidade do persoal sanitario do sistema público de saúde.

- 4.- Non hai dereito de participación dos e das representantes dos e das traballadoras na elección da Mutua e reducece a participación sindical nos órganos de control das Mutuas. Auméntase a 3 anos, renovabeis por períodos de igual duración, o contrato polo que a Empresa concerta servizos coa Mutua, fronte a 1 ano que está na regulación actual.
- 5.- O Goberno aproveita esta reforma para introducir modificacións substantivas en relación coa prevención de riscos laborais, sen reunir nin pedir ditame do Consello de Seguridade e Saúde no Traballo, como sería conveniente e preceptivo.

O Proxecto impón que os Servizos de Prevención de Riscos Laborais que teñen as Mutuas, sexan vendidos antes do 31 de marzo de 2015. Estes servizos, executados a través de sociedades mercantís, era o único servizo, de todos os que prestan as mutuas, que estaba relativamente valorado polas empresas e traballadores. Agora fíxose a obriga a que vendan eses servizos, que segundo o Goberno afectan á concorrencia competitiva, e van a ser compradas previsiblemente por grandes aseguradoras con criterio de puro negocio e sen representación obreira de ningún tipo como ata agora teñen as Mutuas nos seus órganos de dirección.

Establécese a integración do Fondo de Prevención e Rehabilitación no Fondos de Continxencias Profesionais da Seguridade Social, o que afectará gravemente a toda á actividade preventiva que se ven financiado con cargo a ese Fondo, comprometendo así a propia existencia da Fundación de Prevención de Riscos Laborais.

Esta Fundación asesora e atende principalmente ás pequenas empresas. Si a isto se lle suma que coa “Lei de Emprendedores”, nas empresas de menos de 25 persoas empregadas o xefe pode directamente cumprir coas labores de prevención de riscos sen necesidade de contratar un servizo de prevención, podemos imaxinar en que situación de desprotección van a quedar os traballadores e traballadoras desas empresas, que son a grande maioría na Galiza.

Nesta Reforma, o Goberno avanza na estratexia de privatización e fragmentación da asistencia sanitaria da clase traballadora, establecendo que as Mutuas poden celebrar convenios e acordos cos Servizos Públicos de Saúde (aquí co SERGAS) para que nos seus centros poidan realizar probas diagnósticas, tratamentos sanitarios e rehabilitadores e mesmo intervencións quirúrxicas, iso si, pagadas sempre polos servizos públicos.

Desde a CIG exiximos ao Goberno español a retirada desta Lei, e a que a Xunta de Galiza defenda as súas competencias, reclamando o mantemento das funcións das Inspección Médicas e dos e das médicos de familia, así como como todas as Medidas desta Reforma que constitúen todas elas unha Lei que favorece en exclusiva o negocio de grandes empresas a costa de recortar dereitos da clase traballadora e dos colectivos máis desfavorecidos. Maior presión e control sobre os traballadores e traballadoras enfermas, en beneficio da patronal, e unha supresión de ferramentas útiles na prevención de accidentes de traballo.



A reforma das mútuas do goberno do PP

Negocio a conta da privatización da nosa saúde



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

A reforma das mutuas do goberno do PP Negocio a conta da privatización da nosa saúde

En pleno mes de xullo o PP puxo andar unha reforma da Lei de Mutuas que constitue unha nova agresión aos dereitos sociais, afondando na privatización do sistema da seguranza social e da sanidade, primando os intereses económicos sobre os dereitos da clase traballadora.

Antecedentes

As Mutuas de Accidentes de traballo que agora coñecemos fóronse configurando a través dun proceso histórico de máis de cen anos. A súa natureza mantívose no esencial ao longo do tempo como “asociacións de empresas, sen ánimo de lucro, que asumen unha responsabilidade mancomunada”, pero as súas funcións, estrutura e composición sufriron importantes transformacións en paralelo ao proceso de retroceso e recortes dos dereitos laborais, sociais e do sistema público de Seguridade Social.

Do orixinario obxecto primordial das Mutuas de asegurar a cobertura dos riscos derivados do traballo, pásase a habilitar ás Mutuas para “colaboración na xestión da Seguridade Social”, sen prexuízo da realización da realización doutras prestacións, servizos e actividades que implican a xestión de importantes cantidades de

diñeiro público, ampliándose as súas funcións paulatinamente de xestión das prestacións económicas derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, ás prestacións por continxencias comúns como a incapacidade temporal, a prestación por risco de embarazo e risco para a lactación, a prestación por cese na actividade das persoas que traballan por conta propia e a prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

Estas ampliacións de funcións chegou tamén a establecer un sistema específico de protección por cese de actividade das persoas autónomas, e a partir da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, permíteselle ás Mutuas actuar como servizos de prevención nas empresas a elas asociadas.

ou sexa unha sanidade para as persoas con traballo, xestionado polas mutuas de empresarios e outro para o resto da poboación xestionado polo sistema público.

A reforma de Rajoy

O actual Goberno do PP ven de aprobar un proxecto de reforma que reforza notablemente o poder das mutuas e que tende a configurar un sistema sanitario dual,

As medidas máis graves desta Reforma son :

- 1.- O cambio de denominación. As Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais pasarán a chamarse Mutuas Colaboradoras da Seguridade Social. Este cambio explica perfectamente a intencionalidade do Goberno español de estender cada vez máis o eido de actuación das Mutuas na xestión das continxencias comúns nun proceso que pode non ter límite e que abre a porta á xestión privada de todo tipo de prestacións pda Seguridade Social.
- 2.- Recolle unha serie de medidas totalmente rexeitábeis como a posibilidade das Mutuas de intervenir desde o primeiro día da IT por enfermidade común ou accidente non laboral (antes era desde o día 16 de baixa) a través de convocatorias e recoñecementos da persoa enferma, establecendo así un control arbitrario e inxustificado que parece criminalizar a quen padece unha enfermidade. Ademais, en caso de incomparecencia da persoa enferma a un chamamento da Mutua, se lle retira a prestación económica de forma automática e so se lle repoñerá unha vez que a Mutua comprobe a existencia de xustificación
- 3.- Recoñece ás Mutuas a facultade de propor a alta médica, cando considere que a persoa enferma está apta para o traballo. A proposta de alta non se dirixe ao médico de familia, que é quen deu a baixa, senón á Inspección Médica do SERGAS, que está obrigada a contestar si acepta ou non a alta nun prazo máximo de cinco días. Dentro dese prazo pode citar á persoa enferma para revisión médica e sen contar para nada co médico de familia, de forma que si non comparece se lle suspende o pago do subsidio ate que demostre que a incomparecencia

estaba xustificada. No caso de que a Inspección Médica rexeite a proposta de alta da Mutua, ou ben si non contesta no prazo establecido de cinco días, a Mutua inda pode dirixirse ao INSS para que emita a alta solicitada e o INSS debe responder nos catro días seguintes á súa recepción. Si o INSS ou o ISM emiten a alta solicitada, estes organismos serán os únicos competentes, a través dos seus propios médicos, para emitir unha nova baixa médica no caso de que se produza nun prazo de cento oitenta días seguintes á citada alta pola mesma ou semellante patoloxía. Deste xeito o médico de familia queda apartado de todo o procedemento.

Todas estas medidas supoñen un custe persoal e económico para as persoas enfermas e unha situación de maior desprotección e inseguridade xurídica fronte ás decisións das Mutuas que, non o esquezamos, son Mutuas patronais onde priman os criterios economicistas e de aforro sobre os criterios de saúde na xestión das baixas médicas e que, agora mediante esta lei que será aprobada pola maioría absoluta do PP, ven reforzado o seu poder policial e fiscal contra as persoas en situación de IT. As Mutuas compiten entre si para gañar empresas asociadas e, na lóxica do mercado, si unha delas presenta estatísticas de altas rápidas terá maior posibilidade que outra para captar socios ou sexa empresas. A competencia neste caso diríxese contra os dereitos das persoas traballadoras e particularmente contra o dereito á recuperación da saúde. Non son medidas para atallar un absentismo desproporcionado, que por certo estatisticamente ven baixando cada ano, senón para fortalecer o papel